

Epílogo*

A miña intención esta tarde non é outra que ofrecer uns esbozos, sen pretensión de trazo, sobre o traballo poético de Manuel Vilanova e sobre o que para min representa a súa proposta estética dentro do espazo literario galego e peninsular contemporáneo.

Diante desta encomenda, acordei escribir uns fragmentos de estrutura aberta e xustaposta, como se se tratara de pequenas cuñas que puideran asentar nas fendas que deixa a poderosa armazón granítica da súa obra na experiencia de lectura que cada un de nós se arrisque a facer.

- Non pensedes que a motivación das miñas palabras xorde da amizade que nos une. Non é ese o rastro que seguen os meus pasos, aínda que esteamos afeitos a que o poder amical Paga ás veces dun poeta mediocre un espellismo literario que se vende nos mercados da pura aparencia e a egolatría máis resesa como a máis rendíbel das realidades. Non o pensedes, por máis que esteamos afeitos a comprobar nas letras galegas de arestora que iso acontece ben a cotío. Non é o caso. Aínda amigos, ou quizais por iso, quedarán as miñas palabras moi por baixo das alaudas que Vilanova merece.

Eu son dos que pensa que escribir ou falar de literatura debe facerse literariamente, e mais cando se trata dun libro maior, como *A esmeralda branca*, e, por extensión, ao valorarmos toda a produción poética de Manuel Vilanova, que sorprende pola súa intensidade en cada obra e pola coherente e arriscada evolución, dende que en 1972 publicara *Mejor el fuego*. Literariamente e por achegamento, non dende a vertical da interpretación ou o horizonte da esexese. Por iso as miñas palabras non pretenden explicar ou facer comprender. Como moito, dar pistas dos accesos aos espazos da súa obra para chegar a habitar os seus segredos.

"Non podemos penetrar nos pensamentos dos deuses", podernos ler n'A esmeralda branca.

Para min, como lector de poesía en galego, a publicación desta obra supón un acontecemento. Non só porque o autor teña esperado vinteún anos para dar ao prelo un poemario na súa lingua materna, senón porque entendo que a súa achega ás letras galegas é fundamental.

É ben sabido que o recoñecemento dunha obra artística a tempo real, no momento histórico no que xorde, é pouco frecuente, e menos frecuente aínda en creadores que non aspiran á redención.

Pero nos tempos que corren, paradigma da comunicación inmediata e a transacción universal, debemos reclamar para os grandes artistas, non digo o recoñecemento -que é metal que acrisola o tempo- mais si o coñecemento do seu traballo. E non só entre minorías, que tamén. Porque o certo é que o traballo poético que ten feito Vilanova nos últimos trinta e cinco anos aínda non é coñecido sequera polos axentes culturais que levantan acta do presente nin polos mediadores que facultan a súa recepción.

Cantos libros de texto dan conta de que existe Manuel Vilanova? Cantos manuais da nosa historia literaria analizan polo miúdo a súa contribución ás nosas letras? Aforro, por patriotismo, a pregunta de cantos estudosos teñen rastrexado a súa aventura literaria sen parcialidade, sen prexuizos, e coa dignidade que merece o seu torrencial talento.

Así e todo, eu son dos que pensa que o feito de que o seu nome non teña sido recoñecido como unha referencia indiscutíbel na poesía deste país non é motivo de reacción indignada, senón todo o contrario, xa que Vilanova pertence á estirpe dos grandes poetas que son a un tempo silenciados e silenciosos, dos poetas que saben esperar.

Pensade no rechamante caso de Luis de Góngora, e mais recentemente nas letras españolas —pregunto ás veces para min se a literatura galega non copiará deste pésimo modelo a súa eiva— en poetas como Antonio Gamoneda, María Victoria Atencia ou Manuel Álvarez Ortega, indiscutíbeis piares da poesía hispana no século XX e que nunca foron antologados ou estudados polo canon académico e comercial español ata hai ben pouco.

Outros, como deixou escrito Vilanova en *El cazador de días*, "prefirieron [...] mostrarse en escorzo de grandeza".

Preguntádelle ás abellas de Castrelo de Miño.

No seu saboroso néctar atoparedes a resposta, en paráfrase duns versos d'*A esmeralda branca*.

Xenerosa ofrenda, cando menos, ou aliado reto para o padal.

- Fai a poeta extremeña Ada Salas unha acaída distinción entre o que ela chama os poetas excéntricos e os poetas concéntricos. Excéntrico, non no sentido social que ten hoxe este vocábulo, senón excéntrico no sentido de algo que medra cara fóra, expansivamente; e concéntrico, co matiz de algo que interioriza a súa orixe e medra cara á cerna.

Comprendemos o distingo cos exemplos que nos dá; Salas di que poetas excéntricos poderían ser Baudelaire ou Neruda, e poetas concéntricos Mallarmé ou Vallejo.

Poño na mesa esta oposición á hora de concibir a creación poética para argumentar sobre a posición creativa que asume Vilanova nos seus textos. Para min, esa posición non experimenta grandes cambios na súa traxectoria -o que fala ben da súa coherencia evolutiva e dos sólidos alicerces que a sustentan- pero ten de novidoso que adoita un movemento bipolar, multicéntrico poderíamos dicir, xa que se executa nun movemento de sístole-diástole, o que adoita ser infrecuente e en aparencia contraditorio na poesía contemporánea. Este xeito de medrar e desprazarse o texto dá como resultado unha expresión barroca e reconcentrada, con ambición cosmogónica a un tempo que preocupada pola brasa que prende na epifanía, desbordante e sinxela, prosaica e transcendente.

Apunto aquí, como consecuencia desta poética, o que para min é unha das encrucilladas nas que mellor resolve o seu ideario literario o noso autor: a mesturanza entre Narración e Metáfora, e mais que simple mesturanza, a mestría coa que dá forma a narracións que turran cara fóra, excéntricas, que piden extensión, e que Vilanova contén pivotando cara dentro, ciclando a esfericidade do símbolo, a unidade voraz que fermenta na metáfora.

Poderíamos dar con casos próximos ou converxentes a este respecto na poesía contemporánea europea, mais non coa orixinalidade de superposicións épicas e metafísicas que traza el. E quizais *A esmeralda branca*, e xa antes *E direivos eu do mister das cobras*, sexan os mellores exemplos deste xeito de construír o poema.

Limítome a citar aquí dous nomes da literatura europea moderna que neste sentido -e nalgún outro que agora aquí non procede desentrañar- poderíamos considerar antecedentes do noso autor, e sobre os que ten confirmado a súa débeda: Friedrich Hölderlin e Arthur Rimbaud.

- A dimensión narrativa da obra de Vilanova para algúns afástaas da poesía con maiúsculas. E mais cando nace de episodios locais, históricos, de anécdotas biográficas moi adulteradas polo disolvente do fantástico e de lecturas interferidas pola memoria e a experiencia.

Pois eu penso o contrario. Cando o poema se constrúe así, os tecidos do texto vanse superpoñendo e rexenéanse; ascenden do prosaísmo ao discurso, do perecedoiro á universalidade da linguaxe. Isto fai que obras como *A esmeralda branca* teñan estratos diferentes de lectura, mesturando o plano lineal e secuenciado co plano fragmentario e mais simbólico.

Deste xeito, a pesares do que poida parecer nun primeiro contacto con obras como esta, a lectura resulta doada e mesmo amena para lectores pouco afeitos a entrar no verso.

Teño para min que estes planos de lectura que van da anécdota á lección, da miniatura ao mito, emparentan a poesía de Vilanova cos textos bíblicos e, na contemporaneidade, co telurismo panteísta do grande Lezama Lima. Lede poemas como "As quentes augas" ou "Cimbra imperial" e comprenderedes esta percepción.

- Fiando con isto, hai na poesía de Vilanova unha dimensión relixiosa moi pouco transitada na literatura actual e moi novidosa con respecto á tradición literaria que bebe destas fontes. Deterse a analízala levaríanos tempo, pero só pretendo insinuar algún dos seus perfís.

Hai algo na escrita deste autor que nos pon no rastro dun prexuízo que algúns benpensantes padecen: que afondar nas orixes non é moderno, que a poesía de execución vertical está anticuada. Eses mesmos pensan que os clásicos non son actuais, que ser clásico é ser doutro tempo. Eu podo comprender esta actitude con algúns autores. Mais con Vilanova pasa algo que acontece só con algúns escollidos: que a súa voz é clásica e vangardista a un tempo —lembrade a alusión que fixen a Góngora—, radical e conservadora, transparente e ambigua.

No que escribe hai algo que nos lembra a harmonía do Románico pola sutileza e desbordada imaxinería convida, polo seu achegamento á tradición e a conciencia de que o horizonte é versión de portas abertas, pola mestura da humildade do popular coa extravagancia de aspirar ao ceo.

Pois ben, neste dilema creativo penso que é onde hai que situar a visión relixiosa que o noso poeta ten do mundo, do seu mundo.

O sentimento relixioso nace sempre da inocencia de querer comprender, igual que a vontade do artista por crear. Andar ese camiño é acceder ao labirinto de toda creación.

Cando lemos a obra dun poeta, percíbese ao momento se corre riscos ou non nesa esculca. Cando entra na realidade coa intención de ver, de aprender a ver, sentimos que a súa obra ten unha dimensión reveladora que nos permite afondar nos segredos das cousas. Sentimos que o poeta nos propón unha aventura, a aventura de descifrar esa miraxe que se proxecta na película velada da conciencia poética.

Vilanova non é dos que impón unha visión, non actúa posesivamente co seu discurso, non practica o adoutramento da revelación nin o proselitismo que tantos poetas procuran para satisfacer o seu ego. Por iso Vilanova cando escribe convida a. seguir os seus pasos e non interfere narcisistamente nos camiños da lectura.

O seu sensualismo verbal e simbólico convócanos á incandescencia dun centro con aparencia de cráter, acoutando as marxes difusas da súa ascensión, pero sen impoñernos un trazado.

Aqueles que soportan malamente os bafos do telúrico, aqueles que prefiren transitar polas chairas da apatía, os que aforran esforzos na lectura do pracer, os que viven para contalo, os que falan para si, eses que non se acheguen ás burgas poéticas de Vilanova. O xofre da súa voz deixaría un pouso de queimadura na retina dos seus principios posmodernos.

Atuar a Deus nun diálogo cara a cara é algo que se atreve a facer o noso poeta ao longo de toda a súa traxectoria, sobre todo dende *Casa para los ojos*, e mais que en ningún outro libro, en *El corazón del pan*.

A ambición teolóxica, case bíblica, da súa poesía autorízao para facelo, penso que nunha achega poética, neste senso, só comparábel á de Pedro Casaldáliga, tamén retirado -como Vilanova- á beira dun río, o Araguaia, no Mato Grosso. Este diálogo íntimo e carnal con Deus quero pensar que só é posíbel dende a humildade do sabio que ten dabondo con habitar a beleza do mundo concedido.

A mestura desa humildade do sabio -a cotío confesa o noso autor que, nos tempos que corren, xa só cre no neno Xesús- e a rebeldía do poeta fan de Vilanova un escritor excepcional, nos dous sentidos que esta palabra ten. Digo a rebeldía do poeta, si, aínda sabendo que hoxe nas nosas letras esta acepción resulta incómoda e politicamente incorrecta. Pero si, esa rebeldía necesaria nos artistas que de verdade o son faime pensar en dous grandes tamén esquecidos cando non desterrados destas leiras: Carlos Oroza e Jorge Cuña, este último ben admirado, por certo, polo noso poeta.

- Barbantes, como Araguaia na obra de Pedro Casaldáliga, semella un útero literario: penso que hai poucas poéticas que teñan construído un espazo literario tan fértil e vizoso como é o de Barbantes e a comarca do Ribeiro na obra de Vilanova e tan coherentemente delimitado.

Esta coherencia está tan interiorizada, é tan radical, que as márdeas que acoutan a súa vasta extensión habería que rastrexalas nas primeiras obras, aínda que algunhas desas lindes se atopan agochadas pola frouma do tenteo e da esculca inicial dos anos setenta.

Se ese paraíso que é Barbantes na súa escrita xa formaba parte da mitoloxía do autor nos seus primeiros libros en galego (*E direivos eu do mister das cobras* e *A lenda das árbores de prata*) ha ser en *El corazón del pan* onde cristalice como lugar no que se atopan todos os camiños, como a Nazaret do seu calvario creativo. Por iso, ao meu entender, e por moitos motivos, *El corazón del pan* é un dos maiores logros literarios do autor, no que a fusión entre linguaxe e beleza é tan transparente, e a experiencia relixiosa tan literariamente universal, que é imposíbel subtraerse á súa dolorosa revelación, moi próxima á actitude e concepción estética de Juan de la Cruz no seu *Cántico espiritual*.

Relacionada con esta fidelidade espacial, resulta evidente a reescritura de vieiros, a actualización de *topós* ou lugares de encontro: Trostky, Petrarca, a Meiga, Cristo, o río Miño. A literatura como viaxe, como aventura en espiral, presa por un centro e aberta cara aos bordos. Como un abano de camiños.

- E, para rematar, dúas palabras sobre o meu traballo de ilustración d'A *esmeralda branca*, do que Manolo quería que falase aquí.

Cando se me propuxo ilustrar este poemario, eu non coñecía aínda os textos que o formaban e viaxei ata Barbantes onde Vilanova me recibiu na súa privilexiada casa, pendurada sobre o pai Miño. Alí comprendín que o meu traballo non podía ser intervencionista, nin personalista, nin debía buscar protagonismo plástico. Para min aqueles poemas aínda manuscritos que Manolo me ensinaba en catro grandes cadernos merecían un traballo de ilustración neutro e respectuoso. E supuxen que a fotografía podía ser o medio axeitado para canalizar a miña intención.

A exuberancia e o poderío coral dos seus poemas pedían imaxes silenciosas, aparentemente sinxelas, que se integraran nas voces sen crear distorsións nin disonancias visuais. O doado, penso, sería deixarse levar pola imaxinería da obra e caer no manierismo exhibicionista.

Esta humildade plástica intuín tamén que era o xeito esixido por *A esmeralda branca* para achegarme ao poderoso mundo poético do seu autor, xa que, segundo albisquei naquela mañá de xullo, o seu mundo poético asentaba paradoxalmente nas cousas máis pequenas e sinxelas: na milgrandeira coidada con mimo, na rosa imposíbel, nos gatos confiados, nos fíos do ferrocarril, nas pombas da canícula.

Esa fidelidade a ese mundo está nas fotografías, logo manipuladas, que ilustran o libro, e que na súa maior parte foron tiradas ese día no seu paraíso de Barbantes.

Propoño, como remate, un brinde cun poema en prosa *El quinto cáliz*, un texto dunha fermosura difícil de igualar.

Y bebieron cuatro copas de vino. La primera por la liberación de su enorme y árida y silenciosa tierra. Probablemente también por el sonido de oro que aún pone el sol en sus madrugadas. La segunda copa la apuraron por el rescate. Llevaban en la crónica viva del alma recuerdos de un mar que un día fue el camino que nos condujo al pecho inmenso y dulce de la patria. La tercera la alzaron en honor de lo que no había pasado todavía. Bebieron, pues, por el libertador final y por la noticia de la redención, un rumor que penetraba hasta el fondo y que había pasado de boca en boca entre las generaciones incesantes. Aquella copa la bebieron con esa tristeza que a veces da el llegar a algo. Con el engranaje del cuarto trago recordaron orgullosamente la hora temprana en la que el enorme diamante de la voz de Dios los nombró pueblo elegido y se les enredó la divinidad como una guirnalda. El Quinto Cáliz estaba vacío, como cuando uno habla solo en el crepúsculo. Si es posible, dijo, que pase de mí este cáliz. Pero, recogida allí la gracia eterna, lo apuró él solo. En aquel momento contaba hasta los cabellos de nuestras cabezas. Ladraron los perros al pie de la Cruz. Desde entonces hay un olor a campo mojado en ese lugar tan desprestigiado que llamamos corazón.

Por iso, amigos e amigos, dende o desprestixio de sentir o pracer á altura dos beizos, brindo con todos vós polos froitos que Manuel Vilanova vén de enxertar na ebriedade esmeralda desta agardada árbore.

Baldo Ramos

* Este texto foi escrito para a presentación d'*A esmeralda branca* en Compostela o 9 de novembro de 2006.